



Urna antropomorfa, Terracota. Baja Amazonia, Brasil, sobre 1000 d.C.

exposición

Amazonia precolombina



Ajuntament de Barcelona
Institut de Cultura
Museu **Barbier-Mueller**



amics
del museu **barbier-mueller**
d'art precolombí

 **FUNDACION CAIXAGALICIA**

Amazonia precolombina

A Amazonía constitúe a selva tropical máis extensa do mundo. A súa área, seis millóns de quilómetros cadrados, representa aproximadamente o 44% de América do Sur e o 33% das florestas tropicais do mundo. Bañada polo río Amazonas e os seus máis de mil afluentes, concentra a maior diversidade biolóxica do planeta. Existen nela innumerables especies de plantas aínda sen clasificar, miles de especies de aves, innumerables anfibios e millóns de insectos.

Os pobos indoamericanos da Amazonía desenvolveron e asimilaron a evolución do medio ambiente, sacando proveito de pequenas áreas selváticas en cultivos non permanentes, que unha vez abandonados reconstitúen o bosque orixinario. Como na maior parte das comunidades indíxenas americanas, nas comunidades amazónicas a percepción de mundos complementarios é evidente: existe o mundo visible e tamén outro baixo a terra e no ceo. A selva ofrece os recursos naturais necesarios para as súas cerimonias e rituais, dotándoos de materiais moi diversos para os seus obxectos: pedras preciosas, plumas de ave, cunchas mariñas, pigmentos para maquillar os seus corpos e plantas medicinais ou tabaco, asociados ao poder e outros valores simbólicos.

A produción artística, así como as construcións cerimoniais, están realizadas con materiais perecedeiros como as fibras vexetais, as cáscaras de froitas, a madeira ou o barro. O uso deste tipo de elementos e o clima cálido e húmido dificultaron ou imposibilitaron a súa conservación e rexistro arqueolóxico.

Os vestixios dunha presenza humana na rexión amazónica chamaron a atención e suscitaron diversas hipóteses ao longo dos séculos pero o interese dos especialistas respecto a estes vestixios é moi recente. Descubríronse ósos e obxectos de pedra, desenterráronse vasillas con e sen decoración (de uso ritual ou cotián), encontráronse pinturas parietais con representacións de animais e signos varios, tanto ao aire libre como en grutas e cavernas. A pesar de que os vestixios de cerámica son predominantes, estes non se distinguen polas súas calidades estéticas a excepción dalgunhas pezas descubertas ao longo do Amazonas, que presentan unha decoración deteriorada e rara vez están completas.


Amazonia precolombina


La Amazonia constituye la selva tropical más extensa del mundo. Su área, seis millones de kilómetros cuadrados, representa aproximadamente el 44% de América del Sur y el 33% de las florestas tropicales del mundo. Bañada por el río Amazonas y sus más de mil afluentes, concentra la mayor diversidad biológica del planeta. Existen en ella innumerables especies de plantas todavía sin clasificar, miles de especies de aves, innumerables anfibios y millones de insectos.

Los pueblos indoamericanos de la Amazonia han desarrollado y asimilado la evolución del medio ambiente, sacando provecho de pequeñas áreas selváticas en cultivos no permanentes, que una vez abandonados reconstituyen el bosque originario. Como en la mayor parte de las comunidades indígenas americanas, en las comunidades amazónicas la percepción de mundos complementarios es evidente: existe el mundo visible y también otro bajo la tierra y en el cielo. La selva les ofrece los recursos naturales necesarios para sus ceremonias y rituales, dotándoles de materiales muy diversos para sus objetos: piedras preciosas, plumas de ave, conchas marinas, pigmentos para maquillar sus cuerpos y plantas medicinales o tabaco, asociados al poder y otros valores simbólicos.

La producción artística, así como las construcciones ceremoniales, están realizadas con materiales perecederos como las fibras vegetales, las cáscaras de frutas, la madera o el barro. El uso de este tipo de elementos y el clima cálido y húmedo han dificultado o imposibilitado su conservación y registro arqueológico.

Los vestigios de una presencia humana en la región amazónica han llamado la atención y han suscitado diversas hipótesis a lo largo de los siglos pero el interés de los especialistas respecto a estos vestigios es muy reciente. Se han descubierto huesos y objetos de piedra, se han desenterrado vasijas con y sin decoración (de uso ritual o cotidiano), se han encontrado pinturas parietales con representaciones de animales y signos varios, tanto al aire libre como en grutas y cavernas. A pesar de que los vestigios de cerámica son predominantes, estos no se distinguen por sus cualidades estéticas a excepción de algunas piezas descubiertas a lo largo del Amazonas, que presentan una decoración deteriorada y rara vez están completas.





Urna, Terracota. Isla de Marajó, Brasil, 400-1350 d.C.

A illa de Marajó é unha gran illa costeira de máis de corenta mil quilómetros cadrados, situada entre o océano Atlántico e o Amazonas, na desembocadura do río. A cerámica da cultura marajoara (1100-1350 d. C.), a manifestación artística máis característica deste pobo, distínguese por estar ricamente ornamentada, con decoración gravada, modelada ou pintada. Da súa produción destacan as enormes vasillas con forma de figura humana que servían de urnas funerarias, algunhas delas con tapa a modo de cabeza. O tamaño destas urnas é variable, xa que nalgúns casos se introducía ao defunto dentro a presión e noutros só os seus ósos, pintados de cor vermella.

Na cerámica marajoara distínguense dous estilos: un con base de cor vermella e outro con base branca. O primeiro presenta formas sinxelas pero deseños complexos, con formas naturais como lagartos e figuras humanas rodeadas de debuxos en espiral e disposto en chanzos de dobre liña. O segundo, destinado principalmente ao culto relixioso, como as urnas, inclúe delicados deseños lineais que a través da incisión deixan ver a arxila vermella do obxecto.

A cultura de Santarém tivo unha distribución xeográfica notablemente extensa na cunca do Amazonas. A cerámica desta área é xeralmente ocre clara ou escura. Os Tapajós (1000-1500 d. C.) realizaban grandes vasos coa técnica do colombino (superposición de cilindros de arxila), mentres que modelaban os vasos máis pequenos e as estatuínas ou ídolos. A técnica do último toque e de decoración variaba. Simple, decoración escultórica, estampada, incisa, pintada (policromada), a cerámica de Santarém pode tamén ser decorada con adornos (pequenos personaxes en relevo, illados ou combinados). En canto á iconografía, preferían as figuras antropomorfas e zoomorfas e raramente utilizaban motivos vexetais. Da súa vida relixiosa destaca o culto aos antepasados, así como o costume de incinerar aos seus mortos e consumir as cinzas. Non practicaban a inhumación secundaria, polo que non fabricaron urnas, pero si produciron outro tipo de vasillas destinadas a usos cerimoniais e relixiosos ricamente adornados.

A arxila amazónica é, polo xeral, avermellada debido á alta cantidade de óxido de ferro. Os desengraxantes ou antiplásticos son substancias que se mesturan coa arxila para darlle máis elasticidade e evitar que se rompa durante a cocción; habitualmente usábanse areñas, restos de cerámica triturada, minerais en po, ósos de animais moidos, carbón, cinza e mesmo excrementos.

A colección de obxectos amazónicos da colección Barbier-Mueller de Arte Precolombina, á que pertencen todas as pezas aquí expostas, é o conxunto máis grande do mundo de cerámicas precoloniais da Baixa Amazonía e da Illa de Marajó.


La isla de Marajó es una gran isla costera de más de cuarenta mil kilómetros cuadrados, situada entre el océano Atlántico y el Amazonas, en la desembocadura del río. La cerámica de la cultura marajoara (1100-1350 d. C.), la manifestación artística más característica de este pueblo, se distingue por estar ricamente ornamentada, con decoración grabada, modelada o pintada. De su producción destacan las enormes vasijas con forma de figura humana que servían de urnas funerarias, algunas de ellas con tapa a modo de cabeza. El tamaño de estas urnas es variable, ya que en algunos casos se introducía al difunto dentro a presión y en otros solamente sus huesos, pintados de color rojo.

En la cerámica marajoara se distinguen dos estilos: uno con base de color rojo y otro con base blanca. El primero presenta formas sencillas pero diseños complejos, con formas naturales como lagartos y figuras humanas rodeados de dibujos en espiral y escalonados de doble línea. El segundo, destinado principalmente al culto religioso, como las urnas, incluye delicados diseños lineales que a través de la incisión dejan ver la arcilla roja del objeto.

La cultura de Santarém tuvo una distribución geográfica notablemente extensa en la cuenca del Amazonas. La cerámica de esta área es generalmente ocre claro u oscuro. Los Tapajós (1000-1500 d. C.) realizaban grandes vasos con la técnica del colombino (superposición de cilindros de arcilla), mientras que modelaban los vasos más pequeños y las estatuillas o ídolos. La técnica del último toque y de decoración variaba. Simple, decoración escultórica, estampada, incisa, pintada (policromada), la cerámica de Santarém puede también ser decorada con adornos (pequeños personajes en relieve, aislados o combinados). En cuanto a la iconografía, preferían las figuras antropomorfas y zoomorfas y raramente utilizaban motivos vegetales. De su vida religiosa destaca el culto a los antepasados, así como la costumbre de incinerar a sus muertos y consumir las cenizas. No practicaban la inhumación secundaria, por lo cual no fabricaron urnas, pero sí produjeron otro tipo de vasijas destinadas a usos ceremoniales y religiosos ricamente adornados.

La arcilla amazónica es, por lo general, rojiza debido a la alta cantidad de óxido de hierro. Los desengrasantes o antiplásticos son sustancias que se mezclan con la arcilla para darle más elasticidad y evitar que se rompa durante la cocción; habitualmente se usaban arenillas, restos de cerámica triturada, minerales en polvo, huesos de animales molidos, carbón, ceniza e incluso excrementos.

La colección de objetos amazónicos de la colección Barbier-Mueller de Arte Precolombino, a la que pertenecen todas las piezas aquí expuestas, es el conjunto más grande del mundo de cerámicas precoloniales de la Baja Amazonia y de la Isla de Marajó.





Recipiente con cariátides, Terracota. Santarém, Brasil, 1000-1500 d.C.



Plato, Terracota, Isla de Marajó, Brasil, 400-1350 d.C.



Urna, Terracota. Isla de Marajó, Brasil, 400-1350 d.C.



Escudilla, Terracota. Isla de Marajó, Brasil, 400-1350 d.C.

Do 17 de abril ao 15 de xuño

HORARIOS:

de luns a venres de 18:00 a 21:00 h
sábados e domingos e festivos de 12:00 a 14:00 h
e de 18:00 a 21:00 h

Visitas para grupos no teléfono 986 864 612

Visitas para público en xeral os mércores e sábados ás 19:30 h

Del 17 de abril al 15 de junio

HORARIOS:

de lunes a viernes de 18:00 a 21:00 h
sábados y domingos y festivos de 12:00 a 14:00 h
y de 18:00 a 21:00 h

Visitas para grupos en el teléfono 986 864 612

Visitas para público en general los miércoles y sábados ás 19:30 h

www.fundacioncaixagalicia.org |



Sede Fundación Caixa Galicia | PONTEVEDRA
Praza San Xosé, 3